

XXXV

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

DO 29 DE XUÑO AO 08 DE XULLO DE 2018



DESENHO: DIEGO SEIXO A PARTIR DE "LOVE DUET" DE MARIA MAZÁS · 2018

ÍNDICE

- 01. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. PRESENTACIÓN
- 05. PROGRAMACIÓN AUDITORIO
- 13. PROGRAMACIÓN TEATRO NA RÚA
- 19. ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 24. XVIII XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 29. EVENTOS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto

Coordinación: Salvador del Río

Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro

Asesoramento Programación: Xoan Carlos Riobó

Xestión Económica: María Xosé Mariño "Che"

Departamento Comercial: Julia Abal Rúa

Prensa: Clara Castilla

Técnicos Municipais:

Técnico de Cultura: Estanislao Graña

Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez

Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Anxo Graña

Héctor Pazos

Serafín Piñeiro

Diego R. Camaño

Auditorio Municipal

Paco Alfaro

Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria

Ilmo. Concello de Cangas

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e

Ordenación Universitaria

AGADIC

Frigoríficos del Morrazo

Excma. Deputación de Pontevedra

Entidades Colaboradoras:

SGAE

Erregueté

Salasón

DESEÑO E EDICIÓN

Deseño cartel e programa: Diego Seixo a partir da obra de María Mazás

Deseño páxina web: Diego Seixo

Edita: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2018

PROGRAMA

VENRES, 15 XUÑO

19:00H. SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN MARÍA MAZÁS

XOVES, 28 XUÑO

12:00H. RÚAS DE BUEU
ANIMACREQUES DE CATROPÉS

VENRES, 29 XUÑO

12:00H. RÚAS DE CANGAS
ANIMACREQUES DE CATROPÉS

20:00H. LIBRARÍA WELLS
PRESENTACIÓN SOFT POWER DE ASUNCIÓN
BERNÁRDEZ RODAL

20:30H. NAVES DE OJEA
ROJO ESTÁNDAR DE LANÖRDIKA

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
PREGÓN INAUGURAL POR EDUARDO CUNHA "TATÁN"
DIVINAS PALABRAS REVOLUTION DO CENTRO
DRAMÁTICO GALEGO

SÁBADO, 30 DE XUÑO

12:00H. RÚAS DE MOAÑA
ANIMACREQUES DE CATROPÉS

12:30 E 19:00H. CAPELA DO HOSPITAL
BRINDE DE IRIA SOBRADO

12:30H. TABERNA O RINCÓN
COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

18:00H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
MULLERES NAS ARTES VIVAS E VISUAIS: MARÍA
MAZÁS

20:30H. CONCELLO - XARDÍNS DO SEÑAL
EZ SUB DE PROJETO EZ

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
PARAÍSO PINTADO DE PEPA PLANA

DOMINGO, 01 XULLO

20:30H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
NA BUTACA DE BUTACAZERO

20:30H. ESCENARIO PARQUE DA PALMA
CARILLÓ DE COMPAÑÍA LA TAL

22:30h. AUDITORIO MUNICIPAL
A LEITUGA DE EME2 PRODUCCIÓN

LUNS, 2 DE XULLO

DO LUNS 2 AO VENRES 6 DE XULLO DE 10.00H. A 14.00H.
OBRADOIRO DE CREACIÓN ESCÉNICA DE
IBUPROFENO TEATRO

12:30H. TABERNA O RINCÓN
COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

REVOLTALLO EN PEDRA:

11:00H. PALCO DA MÚSICA. ENCONTRO TEATRO ABERTO
Obradoiro de teatro Mª Soliño co espectáculo de danza "Xanela".
Julia Abal, proceso de creación artística durante todo o día.
Taller de arte Toni Casaús. De 11:00 a 13:00 h.

12:00H. XARDÍNS DE SOAGE
Furafollas teatro: "Love me tender"

19:00H. PRAZA DO CONCELLO
Banda de Gaitas María Soliña: "Ruadas"

19:30H. EIRADO DO COSTAL
Clara Miranda: "Alegías de Cádiz"

20:00H. AUDITORIO MUNICIPAL. AULA DE TEATRO
Clase aberta do alumnado de 9 a 12 anos da EMAEC

20:00H. PRAZA DA PALMA
Escola de Danza Inés Núñez: "Benvidos ao Hotel Anos 20"
Boombox Danza Urbana: "Dance is joy"

21:15H. ADRO DA IGREXA
Escola de danza Maite Quiñones: "Danza na rúa"
Marga Outeiral Grupo de danza oriental: "Exhibición de Danza Oriental"

20:00H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
Chick Flick + Confío-te O Meu Corpo de Impropias e Afonso Becerra

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL. REVOLTALLO EN SALA
Divinas palabras da EMAEC

MARTES, 03 XULLO

18:00H. CASA DA BOLA, ADICAM
OBRADOIRO A TERAPIA DAS PALABRAS CARMEN ABIZANDA

21:00H. AUDITORIO MUNICIPAL
NÓMADES DE XAROPE TULÚ

22:30H. SALASÓN
II TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MÉRCORES, 04 XULLO

20:30H. PARQUE DA PALMA
ROJO DE MIREIA MIRACLE

22:30H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
TEATRO INVISIBLE DE MATARILE TEATRO

00:30H. SALASÓN
SILDA & HADRIÁN DE SILDA ALFARO E ADRIÁN RÍOS

XOVES, 05 XULLO

18:00H. CASA DA BOLA, ADICAM
OBRADOIRO A TERAPIA DAS PALABRAS CARMEN ABIZANDA

20:00H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
O TARTUFO. LECTURA DRAMATIZADA

20:30H. PRAZA DA PALMA
UN BELO DÍA DE DULCE DUCA/PISTACATRO

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
MAGHI PER UNA NOTTE DE LUCCHETTINO

00:30H. SALASÓN
MONSTRUACIÓN DE ENCONARTE PRODUCCIONES

VENRES, 06 XULLO

20:00H. LIBRARÍA WELLS
PRESENTACIÓN A SOLAS CONMIGO CARMEN ABIZANDA

20:30H. PRAZA DA CONSTITUCIÓN
AUTOESTOPISTA INTERGALÁCTICO DE PISTACATRO

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
PLAYOFF DE LA JOVEN COMPAÑÍA

SÁBADO, 07 XULLO

17:30H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
MULLERES NAS ARTES VIVAS E VISUAIS

20:00H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL
LABORATORIO DE ESTREMONÍAS DE MÓNICA CAMAÑO

20:30H. XARDÍNS DO SEÑAL
LOUTKOVISTE DE WAXWING THEATRE

22:30H. AUDITORIO MUNICIPAL
PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL A MABEL RIVERA
PREMIO MULLERES EN ACCIÓN A ASUNCIÓN BERNÁNDEZ
JAZZ BODAS DE FÍGARO DE VANIA PRODUCCIONS

DOMINGO, 08 XULLO

20:30H. PARQUE DA PALMA
LOS SECRETO DE MR. STROMBOLI DE EL QUE
MAQUEDA DE TEATRE & L'AVALOT

TAQUILLA

1. VENDA DE ABONOS

Do 21 de maio ao 18 de xuño de 2018.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500

Prezo do abono: 45€*

A adquisición do abono ten as seguintes vantaxes:

1. Desconto de 8€ sobre o prezo das entradas en taquilla.
2. Garantiza a entrada sen colas no despacho de billetes para todos os espectáculos.
3. Permite elixir as butacas mellor situadas, A persoa beneficiaria do abono do abono disporá da mesma butaca durante toda a Mostra.

2. VENDA ANTICIPADA PARA CADA UN DOS ESPECTÁCULOS

A partires do 20 de xuño ata o mesmo día da representación de cada espectáculo.

ataquilla.com

Tel.: 902 504 500.

Prezo: 8€*. Agás o espectáculo: NÓMADES: 5€.

3. VENDA DE ENTRADAS O MESMO DÍA DA FUNCIÓN

Despacho de Billetes:

AUDITORIO: Dúas horas antes da función.

Prezo: 8€. Agás o espectáculo NÓMADES: 5€.

SALA DE EXPOSICIÓNS: Unha hora antes da función. Prezo: 5€.

SALASÓN: Unha hora antes da función. Prezo 5€.

4. ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS NO AUDITORIO INCLUIDOS NO ABONO.

29 de xuño: DIVINAS PALABRAS REVOLUTION.

30 de xuño: PARAISO PINTADO.

01 de xullo: A LEITUGA.

03 de xullo: NÓMADES.

05 de xullo: MAGHI PER UNA NOTTE.

06 de xullo: PLAYOFF.

07 de xullo: JAZZ BODAS FÍGARO.

***O público da Mostra ten un servizo de venda de localidades exclusivo SEN GASTOS de xestión pola compra anticipada de entradas ou abonos.**

A MOSTRA

O HUMOR, ARMA DE DESTRUCCIÓN MASIVA?

O HUMOR, non mata nin engorda.

Na XXXIV MITCFC alertabamos sobre o ridículo de legislar a ficción e, un ano despois, condenamos accións xudiciais con multas e prisión para persoas que satirizaron nun twitt, canción, chiste, programa de televisión ou no propio entroido. Por favor, como pode ser delito disfrazarse no entroido, sexa de Cristo, Papa ou Santa? Prohiban tamén os disfraces de policía, frades, monxas, demos ou anxos para nenas e nenos. Prohiban os beléns vivintes!

Se todo este ímpetu legislativo se centrase en perseguir auténticos “cacos”, eses que xa nin se molestan en usar luva branca, a falta de empatía e sentido común dalgúns xuristas non poría en perigo a liberdade de expresión.

Ata no medievo os reis toleraban aos bufóns satirizando sobre todo, incluídos os propios reis. Quen nos ía dicir que no 2018 teríamos que reprimir as nosas palabras como en 1979, cando podíamos ler a revista Hermano Lobo, ou ver a Gila, Tip e Coll, Martes e Trece, etc., facendo todo tipo de chanzas xeniais sobre a guerra, un convento de monxas ou Carrero Blanco sen que a ninguén se lle ocorrese impartir xustiza contra os cómicos. Un chiste, por satírico ou malo que sexa é FICCIÓN. Non nos cansaremos de dicilo, o teatro e o humor, igual que o entroido ou a consagración do pan de ácimo na eucaristía son FICCIÓN, convencións pactadas pola sociedade para administrar a realidade e poder deformala, criticala, satirizala e mellor analizala.

BENVIDAS E BENVIDOS á XXXV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, vila pioneira en apostar polo humor como forma de vida, de enfrontar a realidade. De empatía e convivencia.

GRAZAS por facer posible este encontro un ano máis, sen vós isto non sería posible.



MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
CÓMICO
E FESTIVO
DE CANGAS

#TEATRO NO AUDITORIO

VENRES, 29 XUÑO 22:30 H.

DIVINAS PALABRAS REVOLUTION

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

SÁBADO, 30 XUÑO 22:30 H.

PARAÍSO PINTADO

PEPA PLANA

DOMINGO, 01 XULLO 22:30 H.

A LEITUGA

EME2 PRODUCCIÓN

MARTES, 03 XULLO 21:00 H.

NÓMADES

XAROPE TULÚ

XOVES, 05 XULLO 22:30 H.

MAGHI PER UNA NOTTE

LUCCHETTINO

VENRES, 06 XULLO 22:30 H.

PLAYOFF

LA JOVEN COMPAÑÍA

SÁBADO, 07 XULLO 22:30 H.

JAZZ BODAS DE FÍGARO

VANIA PRODUCCIONS



#TEATRO NO AUDITORIO 05



DIVINAS PALABRAS REVOLUTION

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 29 XUÑO 22:30 H.

Creado en 1984, o CDG é a unidade de produción e distribución teatral da Consellería de Cultura e Turismo de Galicia. Pero tamén é unha unidade de creación con vida propia, un lugar onde xerar ideas e difundilas. O CDG debe ser un referente e apoio para a creación dramática galega. Nestes máis de 30 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro apuntaron en varias direccións: recuperación das nosas autoras/es fundamentais, presenza das dramaturgas/os contemporáneas/os, incorporación á escena galega dos grandes nomes da literatura dramática universal.

A consecuencia da morte de Xoana, a súa irmá e a súa cuñada disputan a custodia do fillo orfo, que se resolve por un sistema de quendas. Pero ningunha das dúas pensa no benestar do neno, senón no beneficio propio, guiadas unicamente polo egoísmo e sen importarlles as consecuencias das súas accións.

Nesta aproximación, Marigaila, Pedro, Simoniña, Marica, Tatoola, Migueliño, Candás e Sétimo Miau son nove persoas pechadas nun programa de telerrealidade, que reviven inconscientes o cru e duro retablo de avaricia, luxuria e morte que Valle-Inclán construíu para as súas Divinas Palabras.

Dirección e dramaturxia: Xron

Producción: Centro Dramático Galego

Elenco: Manuel Cortés, Antón Coucheiro, Patricia de Lorenzo, Borja Fernández, Mónica García, Tone Martínez, Victoria Pérez, Ánxela Ríos, Tomé Viéitez. Coa colaboración no vídeo de Mónica Camaño como Xoana a Raiña.

Escenografía: Suso Montero; **Vestuario:** Mar Fraga; **Iluminación:** Fidel Vázquez; **Música orixinal e espazo sonoro:** Xacobe Martínez Antelo. Coa participación no tema "Macho cabrío" de Manuel Cebrián, Xosé Miguélez e Javier Pereiro; **Espazo Audiovisual:** Quadra Producións/Cuco Pino; **Asistencia técnica audiovisual:** Semi Soto; **Caracterización:** Fanny Bello; **Deseño gráfico de tatuaxes:** Iván Nespereira; **Tradución:** Manuel Cortés; **Asesoría lingüística:** Rosa Moledo; **Asistencia de dirección:** Arantza Villar; **Asistencia de produción:** José Díaz.



PARAÍSO PINTADO

PEPA PLANA, CATALUÑA. AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 30 XUÑO 22:30 H.

Pepa Plana, actriz e pallasa catalana, é un referente nacional no xénero pola calidade dos seus espectáculos e pola súa contribución á visualización das pallasas, destacando como unha das figuras europeas. Fundou a súa compañía en 1998 cunha clara intención de facer teatro de pallasos para público adulto. Despois de 9 espectáculos, 6 de eles en cartel, xera gran expectación con cada novo proxecto. 'Paraíso Pintado' é o seu novo espectáculo e, neste caso, traballa co dramaturgo e director Ferruccio Cainero.

Un mostrador, co seu tapete de gancho, algúns obxectos cotiás e un cadro cunhas anxeliñas que cantan ... é un Paraíso Pintado. Témolovisto toda a vida, pero nunca nos fixamos con detalle. Se miramos ben, hai unha que quere saír para cumprir o seu soño: voar e converterse nun anxo da garda. Pero a súa viaxe colle unha dirección imprevista e remata sendo a anxo da garda do fondo do mar. Un espectáculo que, ademáis de ser divertido, tamén nos vai conectar coa cara máis trágica e, como fan os bos pallasos, voinos poñer un espello diante da cara para que nos vexamos refelectidas e reflectidos.

Pallasa: Pepa Plana

Idea orixinal e guión: Ferruccio Cainero e Pepa Plana

Dirección: Ferruccio Cainero

Voz en off: David Verdaguer

Escenografía: Lali Canosa

Vídeo: Estudio Nueveojos

Vestuario: Rosa Solé

Iluminación: Yuri Plana

Atrezo: Oriol Blanchar

Fotografía: Roser Arques

Producción: La Vaca Flaca

Agradecementos: Carlo-Mô



A LEITUGA

EME2 PRODUCCIÓN, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, DOMINGO, 01 XULLO 22:30 H.

Eme2 é unha empresa dedicada á distribución e produción de espectáculos de artes escénicas. No camiño que iniciamos en 2001, tivemos como acompañantes a marabillosos profesionais e espléndidas compañías que fixeron que o traballo en equipo con eles nos enriquecese pouco a pouco. Nese ferver a modo do día a día, nese camiño de constante reinvención, mantivemos sempre un dos nosos principios fundacionais: pensar como e para os que sentan na butaca. Neste sentido, apostamos por producións dirixidas a un espectro amplo de públicos mantendo sempre unha esixencia alta sobre a calidade final dos espectáculos.

Cinco familiares, tres irmáns e as parellas de dous deles, reúnen-se na casa da irmá maior para celebrar o aniversario do pai, que se atopa en estado de coma dende hai nove anos. O que de primeiras semella unha sinxela celebración, convértese nunha encarnizada poxa por ver quen se responsabiliza dos coidados do pai.

“A Leituga” aborda en clave de humor un conflito familiar polo que todos pasamos ou pasaremos nalgún momento nas nosas vidas. Que facer cos nosos pais cando se achegan á morte?

Autor: César Sierra

Dirección: Víctor Duplá

Axudante de dirección: Tamara Canosa

Tradución: José Luis López Roca

Reperto: Xosé Barato, Mercedes Castro, Antonio Durán “Morris”, Federico Pérez, María Vázquez.

Escenografía e iluminación: José Manuel Faro “Coti”

Música orixinal: Anxo Graña

Vestuario: Uxía Vaello

Vídeo: Lucía Estévez

Deseño gráfico: Roi Fernández-legráfica

Producción Executiva: Cecilia Carballido

Producción: eme2



NÓMADES

XAROPE TULÚ, GALICIA. AUDITORIO MUNICIPAL, MARTES, 03 XULLO 21:00 H. ESTREA ABSOLUTA

Xarope Tulú é unha compañía comprometida coas linguaxes escénicas dirixidas á infancia e á xuventude, que convida a viaxar por mundos de texturas e cores singulares. Fundada no ano 2015 pola actriz Atenea García e o músico Nicolás Zamorano. As súas propostas tentan achegar entre si as diferentes linguaxes escénicas: o teatro de obxectos, a música, a interpretación actoral e a narración oral entre outras, procurando non aferrarse a un único estilo interpretativo; facilitando o descubrimento doutros mundos posibles e a creación dun espazo para a reflexión.

Somos nómades, transitamos sen morada nin corpo fixo. Habitamos a beleza do diverso, esa beleza que dá cor aos outros corpos e facilita a aparición de novas tonalidades, texturas e xeitos de vivir. Onde non existe un corpo equivocado, onde é posible imaxinar ás persoas en abstracto.

Creación: Atenea García, Nicolás Zamorano, Gena Baamonde, Diego Martínez e María Roja

Dirección: Gena Baamonde

Elenco: María Roja, Atenea García e Diego Martínez

Música orixinal: Nicolás Zamorano

Deseño de iluminación: Laura Iturralde

Escenografía: Nicolás Zamorano

Vestuario: Marte Martinka

Deseño cartel: Alba Blanco

Técnico Luz/Son: Nicolás Zamorano

Video: Caneca

Producción: Xarope Tulú

Distribución: Urdime

#TEATRO NO AUDITORIO 09



MAGHI PER UNA NOTTE

LUCCHETTINO, ITALIA. AUDITORIO MUNICIPAL, XOVES, 05 XULLO 22:30 H. ESTREA EN GALICIA

"Lucchettino" (Luca Regina e Tino Fimiani) gañaron o premio "Mandrake d'Or" en 2016. O dúo italiano, dirixido polo famoso actor e director Paolo Nani, volve ao escenario con "Maghi per una notte (Magos por unha noite)", un espectáculo que ten como obxectivo combinar diferentes estilos e cruzar fronteiras, onde a "Commedia dell'Arte" cos seus temas universais, renóvase. Participaron en varios programas de televisión italianos, como "Zelig Circus" e "Maurizio Costanzo Show". Coñecidos internacionalmente pola súa exitosa asociación con Arturo Brachetti nas súas xiras europeas.

O espectáculo está a punto de comezar. O chapeu do mago e a súa maleta están no escenario. Está chegando o público, e os asistentes do mago están alí, aínda que pode que sexan os asistentes do mago ou so dous conserxes. Noutras palabras, todo está xa alí, a excepción do propio mago.

Iso podería ser definitivamente un gran problema pero afortunadamente para nós, están Luca e Tino que, agora, van substituír ao mago que non chega.

Dirección: Paolo Nani

Reperto: Luca Regina e Tino Fimiani

Premio MANDRAKES D'OR 2016 da Academia Francesa de Ilusionistas no Festival Internacional da Ilusión e da Prestidixitación.



PLAYOFF

LA JOVEN COMPAÑÍA, MADRID. AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 06 XULLO 22:30 H. ESTREA EN GALICIA

A compañía nace no verán de 2012 para xerar unha plataforma que concentre a profesionais das artes escénicas coa comunidade docente e que sirva como primeira experiencia profesional para a mocidade. Na actualidade conta con case cincuenta mozas e mozos de entre 18 e 27 anos, dirixidos por grandes profesionais do circuío teatral estatal. La Joven Compañía representa os seus espectáculos no Teatro Conde Duque de Madrid con máis de 160 funcións ao ano ademais de realizar xira por toda España.

PLAYOFF é unha traxicomedia que transcorre no vestiario dun equipo de fútbol feminino. As protagonistas son mulleres novas que adoran a súa profesión, apaixonadas e ambiciosas. A obra reflexiona sobre o papel da muller e do deporte feminino nunha sociedade que aínda manifesta un machismo feroz en moitos ámbitos. PLAYOFF sucede nunha tarde, a do partido máis importante da vida das nosas protagonistas. No vestiario aflorarán as envexas, os soños, as dúbidas e os medos dunhas rapazas que o único que queren é vivir da súa paixón.

Elenco: Cristina Bertol, Neus Cortès, Ana Escriu, Yolanda Fernández, Cris Gallego, María Romero e Cristina Varona
Dirección: José Luis Arellano García

Iluminación: Juanjo Llorens; **Escenografía e vestiario:** Silvia de Marta; **Música e espazo sonoro:** Luis Delgado; **Videoescena:** Álvaro Luna e Elvira Ruiz Zurita; **Coreografías:** Andoni Larrabeiti; **Caracterización:** Sara Álvarez; **Dirección do proxecto:** David R. Peralto; **Dirección de produción:** Olga Reguilón; **Dirección técnica:** David Elcano; **Dirección de comunicación:** José Luis Collado; **Márketing e desenvolvemento:** Pedro Sánchez, Rocío de Felipe e Samuel García; **Adestramento vocal:** Fernando Becerra; **Rexiduría:** Dani Villar; **Axudantía técnica:** Iván Belizón e Mónica Bueno; **Axudantía de produción:** Nuria Chacón, Rocío de Felipe, Víctor Hernández e Dani Villar; **Axudantía de comunicación:** Samuel García (CM) e Pedro Sánchez; **Axudantía de escenografía e vestiario:** David García e Nayyara Altagracia; **Realización escenografía:** Juan Carlos Rodríguez e MAY Servicios; **Xastrería:** Conchi Marro; **Fotografía de ensaios:** @SamuelGarAr; **Fotografía de escena:** David Ruano



JAZZ BODAS DE FÍGARO

VANIA PRODUCCIONS, CATALUÑA. AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 07 XULLO 22:30 H. ESTREA ABSOLUTA

Dende hai máis de 20 anos, Vania Productions está detrás dalgúns dos éxitos teatrais máis recoñecidos: 'La cena de los idiotas', 'Políticamente incorrecto', 'La venganza de don Mendo', 'Hamelin'...

Nesta ocasión, volven unirse ao Tricicle Paco Mir, co que xa teñen levado a escena numerosas montaxes.

JAZZ BODAS DE FIGARO é –o título non mente– unha versión jazzística da obra de Mozart na que os cantantes interpretan as súas arias de xeito tradicional pero o acompañamento corre a cargo dun trío de jazz que, conservando os tempos orixinais, reinventa a partitura cunha adaptación musical tan insólita como ABRAIANTE.

Adaptación e dirección: Paco Mir

Adaptación e dirección musical: Jaume Vilaseca

Reperto: Axier Sánchez, María Rey-Joly, Antonio Torres, Lola Casariego, Francisco J. Sánchez (resto de reparto en preparación)

Escenografía e vestiario: Jordi Bulvena

Iluminación: Joan Delshors

Producción executiva: Vania Productions

#TEATRO NA RÚA

XOVES, 28 XUÑO 12:00 H. BUEU · VENRES, 29 XUÑO 12:00 H. CANGAS · SÁBADO, 30 XUÑO 12:00 H. MOAÑA

ANIMACREQUES

CATROPÉS

VENRES, 29 XUÑO 2018 20:30 H. NAVES DE OJEÁ

ROJO ESTÁNDAR

LANÖRDIKA CIRCO Y DANZA

SÁBADO, 30 XUÑO 20:30 H. CONCELLO DE CANGAS - XARDÍNS DO SEÑAL

EZ SUB

PROJETO EZ

DOMINGO, 01 XULLO 20:30 H. ESCENARIO PARQUE DA PALMA

CARILLÓ

COMPAÑÍA LA TAL

MÉRCORES, 04 XULLO 20:30 H. PARQUE DA PALMA

ROJO

MIREIA MIRACLE

XOVES, 05 XULLO 20:30 H. PRAZA DA PALMA

UN BELO DÍA

DULCE DUCA/PISTACATRO

VENRES, 06 XULLO 20:30 H. PRAZA DA CONSTITUCIÓN

AUTOESTOPISTA INTERGALÁCTICO

AUTOESTOPISTA INTERGALÁCTICO/PISTACATRO

SÁBADO, 07 XULLO 20:30 H. XARDÍNS DO SEÑAL

LOUTKOVISTĚ

WAXWING THEATRE

DOMINGO, 08 XULLO 20:30 H. PARQUE DA PALMA

LOS SECRETOS DE MR. STROMBOLI

EL QUE MAQUEDA DE TEATRE & L'AVAILOT





ANIMACREQUES

CATROPÉS, GALICIA.

BUEU, XOVES, 28 XUÑO 12:00 H. / CANGAS, VENRES, 29 XUÑO 12:00 H. /
MOAÑA, SÁBADO, 30 XUÑO 12:00 H.

Compañía galega de nova creación formada por Vane Rivas e Ánxela Blanco. Compartiron camiño no escénico, nas viaxes e nos contos, e achéganse nesta ocasión para desenvolver o seu primeiro proxecto conxunto: Animacreques. Ámbalas compoñentes a pesar da súa xuventude levan xa unla longa carreira ás súas costas onde non faltan premios como o INJUVE á creación escénica por Fume que acadou Ánxela ou os numerosos premios acadados por Vane a nivel nacional de fomento da lectura, xa que ámbalas membras destacan non só pola súa formación artística senon tamén pola vertente social do seu traballo.

En Animacreques, a partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza, xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Ánxela Blanco e Vanessa Rivas (Catropés) propoñen un xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.

Elenco: Ánxela Blanco, Vanessa Rivas
Dirección: Ánxela Blanco, Vanessa Rivas



ROJO ESTÁNDAR

LANÖRDIKA CIRCO Y DANZA, ANDALUCÍA

NAVES DE OJEA, VENRES, 29 XUÑO 20:30 H. ESTREA EN GALICIA

Lanördika circo e danza é unha compañía afincada en Andalucía (Granada-Sevilla), formada por Darío Dumont e Greta García, que deciden apostar pola súa propia liña de traballo, por medio da fusión de disciplinas e a linguaxe contemporánea.

Rojo estándar é un espectáculo para todos os públicos, de 360º, creado para rúa e sala. Desde o movemento como forza centrífuga e constante durante todo o espectáculo, dous seres opostos atópanse nunha escena bañada polo surrealismo, onde o que se presenta como estándar deixa de selo. As cores marcan o seu ritmo, a súa forma do vivo, e o amor, guiado polo circo e a danza, é peza clave durante todo o espectáculo.

Creación e interpretación: Darío Dumont e Greta García
Dramaturxia: Alba Sarraute
Dirección: Rosa Díaz
Asesoramento actoral: Noelia Rosa
Escenografía: En Ascuas Forja, Pepe del Pino e Anna Jonsson
Deseño de iluminación: Ernesto Monza
Vestiario: Anna Jonsson
Música: Morten Jespersen
Asesoramento técnico en son: Javi Luna
Fotografía: José Toro, Bardaji Photography, Juan Duque Oliva



CARILLÓ

COMPañÍA LA TAL, CATALUÑA. ESCENARIO PARQUE DA PALMA, DOMINGO, 01 XULLO 20:30 H.

A Compañía La Tal inicia o seu traballo profesional no ano 1986.

Nestes máis de 30 anos a compañía creou espectáculos de sala e rúa que a leva a percorrer multitude de festivais e programacións por todo o mundo. A súa concepción teatral, a súa percepción visual e a súa técnica interpretativa foron evolucionando desde a figura clásica do pallaso circense ata a creación dun universo propio no que as imaxes e as historias, co soporte puntual da palabra, confiren aos seus espectáculos unha personalidade única.

Ding, dong, ding, dong... Soa a música do carillón, os engrenaxes comézanse mover... Tic-tac, tic-tac... É a hora! Cabaleiros e pallasos enchen o escenario, onde se mesturan pelexas e paixón.

A maxia sae de dentro deste reloxo xigante inundando prazas, rúas e parques, mentres esperta a curiosidade do paseante.

Creación: Compañía de espectáculos LA TAL

Actores: Enric Casso, Jordi Magdaleno, Andreu Sans

Deseño escenografía: Quico Estivill

Construción escenografía: Cia. La Tal

Pintura escenografía: Txema Rico

Deseño e pintura de vestiario: Txema Rico

Construción de vestiario: Taller Maravillas

Música: Tales Music

PREMIOS

2016: CARILLÓ: Premio de Teatro de Rúa 25º Internationales Gaukler-und Kleinkunsfestival Koblenz (Alemania)

2014: CARILLÓ: 2º Premio de Teatro de Rúa do Festival Internacional de rúa Via Thea

2013: Sabatot Alegre a la compañía. Semana del Payaso de Castellar

2006: CARILLÓ: 1º Premio exequo Festival Internacional de Arte de la Calle "MUECA"



EZ SUB

PROXECTO EZ, PORTUGAL.

CONCELLO DE CANGAS - XARDÍNS DO SEÑAL, SÁBADO, 30 XUÑO 20:30 H.

En 2012 iniciouse o noso Proyecto EZ. Decidimos que con “loucura, enxeño e moita Estupidez” podíamos construír ideas imposíbeis. Cun estilo deliberadamente artesanal, construímos e damos vida a máquinas de escena únicas que proporcionan ao público, ben interactuando directamente, ben unicamente observando, unha experiencia única. Con seguridade, podemos afirmar que todas as persoas serán mellores despois da nosa viaxe. Incluíndonos a nós mesmos.

Nun escenario urbano, un estraño submarino navega desorientado. Unha máquina escénica de gran formato, capaz de transportar aos transeúntes para unha nova realidade. Proxecto EZ pon a súa experiencia escénica ao servizo da innovación e da experiencia sensorial, desenvolvendo un novo proxecto que transforma ao público en actor e performer, no interior dun submarino urbano que dá vida a momentos únicos.

Creación: João Pinto

Construción: João Pinto, Luís Seixas

Texto e voz: Miguel Branca

Traducción: Jani Dunne, Miguel Branca

Efectos sonoros: José Janeiro

Apoio á mecánica: José Guedes

Figurinos: João Pinto



ROJO

MIREIA MIRACLE, CATALUÑA

PARQUE DA PALMA, MÉRCORES, 04 XULLO 20:30 H. ESTREA EN GALICIA

Mireia Miracle fórmase en teatro xestual e en danza contemporánea. En 2010 funda a compañía Semilla Teatro. En 2013 ten a oportunidade de traballar co clown Leandre Ribera en “Iceberg 02” seleccionados no IN do Festival “Chalons dans la Rue”, Francia. Iceberg 02 xira durante tres temporadas por Francia, España, Italia, Suíza, Bélxica. Holanda e Israel sendo un antes e un despois na súa carreira.

Un obstáculo, unha liña, un límite. ROJO, é o camiño dun clown, é unha viaxe cara aos límites, o que nos impón e o que nós mesmos nos xeramos. Estrañas provisións de viaxe: chaves, pomos de portas, ilusións, polvo, lembranzas... ROJO é un diálogo cun muro, unha danza cos confíns, un soño que está máis alá, é algo que deixar atrás para poder avanzar. O motor da viaxe é o desexo de chegar ao outro lado, ao lugar no que están os outros.

Idea : Mireia Miracle

Creación e dirección: Mireia Miracle

Mirada externa: Leandre Ribera

Coreografía e movemento: Iris Muñoz

Construción escenografía: El Taller del Lagarto

Produción: Mireia Miracle

Colaboradores: Artesescena Ávila, Espacio El Campo de Cebada, Circada- Festival de Circo de Sevilla e Kaldearte, Muestra Internacional de Artes de Calle.



UN BELO DÍA

DULCE DUCA/PISTACATRO, PORTUGAL

PRAZA DA PALMA, XOVES, 05 XULLO 20:30 H.

Dulce Duca iníciase no mundo do malabar de forma autodidacta no ano 2003. En 2006 cursa en Francia a formación FAAAC, formación Alternativa e Autoxestionada das Artes do Circo. En 2007 funda a compañía Branle-Bas e crea o seu primeiro espectáculo, Many.

Será en 2009 cando coñeza ó malabarista Iris Ziordia e comece a súa colaboración con el, explorando novas linguaxes centradas no uso do obxecto, a mente, o corpo e as emocións. Así é como nace Un Belo Día, que se presenta no maratón de circo Al Filo (Teatro Circo Price) dentro do Festival Escena Contemporánea de Madrid.

UN BELO DÍA é un proxecto de vida construído por Dulce Duca e Iris. Vida en forma de espectáculo. Dulce Duca incorpora o malabar, a manipulación e os equilibrios de mazas cunha linguaxe corporal única e impactante, transmitindo emocións nunha peza que integra e intriga ó público de tódalas idades.

Un Belo Día nace das entrañas e conecta co espectador de xeito primordial, puro e simple.

Elenco: Dulce Duca

Dirección: Iris Ziordia



AUTOESTOPISTA INTERGALÁCTICO

AUTOESTOPISTA INTERGALÁCTICO/PISTACATRO, GALICIA

PRAZA DA CONSTITUCIÓN, VENRES, 06 XULLO 20:30 H.

Pistacatro é a compañía e produtora de Circo máis relevante das Artes Vivas en Galicia. Distribúe as súas producións propias ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas que consideramos importantes baixo criterios de calidade e interese cultural. Tras dez anos dende a súa constitución, Pistacatro pretende continuar asentándose como a produtora decana das novas correntes circenses en Galicia, abrindo novos mercados e públicos. Un facilitador de profesionalización do circo na nosa terra baixo criterios de calidade e interese cultural.

Un show de ciencia-ficción, de clown e de transformismo, con continuas mudanzas de vestuario e de personaxes cómicos dotados de poderes propios: desafían a lei da gravidade con equilibrios imposibles, teñen control dos obxectos malabares, paralizan ao público con monólogos esmendrellantes.

Benvidos a unha viaxe interestelar polo absurdo, benvidos ao mundo do... Autoestopista Intergaláctico!

Dirección: Aitor Garuz, Loco Brusca

Autoría e interpretación: Aitor Garuz



LOUTKOVISTĚ

WAXWING THEATRE, REPÚBLICA CHECA

XARDÍNS DO SEÑAL, SÁBADO, 07 XULLO 20:30 H. ESTREA EN ESPAÑA

Waxwing Theater é creación de Zuzana Smolová e Peter Gaffney, unha compañía itinerante que realiza representacións de rúa, teatro experimental e títeres na tradición checa.

Loutkovistě é unha obra interactiva para todas as idades (perfecto para nenas e nenos de máis de 2 anos). Inclúe 50 títeres de madeira, 5 escenarios a pequena escala e unha máquina para fabricar contos (o "Začátkovač"), co obxecto de crear un ambiente aberto no que, nenas, nenos e pais, poden facer teatro eles mesmos.

Creación: Waxwing Theatre e Art Prometheus

Concepto: Táňa Svehlová (Art Prometheus)

Títeres: Zuzana Smolová

Escenografía: Peter Gaffney



LOS SECRETOS DE MR. STROMBOLI

EL QUE MAQUEDA DE TEATRE & L'AVALOT, CATALUÑA

PARQUE DA PALMA, DOMINGO, 08 XULLO 20:30 H.

El que ma queda de teatre, compañía de teatro familiar, e L'Avalot, cunha longa traxectoria no teatro de rúa, xúntanse nunha montaxe que recupera o ambiente das feiras de barracas. Éste é o resultado despois duns anos traballando conxuntamente na organización do festival Passatge Insòlit, especializado nas artes do feirante.

Mr. Stromboli é un pelicular feirante, un charlatán vendedor de elixires milagreiros que percorre pobos e feiras presentando os seus inventos e fenómenos. Co seu carro cheo de trastes e dixomedíxomes, preséntanos á bela dama que se convertiu en paxaro e á que propulsa no divertido número do canario cañón ou o simio que recolleu en Borneo e ao que lle ensinou a facer trucos de maxia.

Pasen, vexan e descubran os secretos de Mr. Stromboli!!!

Dirección: Andreu Banús, Joan Fernández

Autoría: Andreu Banús, Joan Fernández, Jaume Baliarda

Reparto: Joan Fernández, Jordi Romero e Marta Méndez

#ESPAZOS ALTERNATIVOS

SÁBADO, 30 XUÑO 12:30-14:00 H. E 19:00-21:30 H. CAPELA DO HOSPITAL

BRINDE

IRIA SOBRADO

DOMINGO, 01 XULLO 20:30 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

NA BUTACA [FANTASÍA Nº3 EN DOR MAIOR]

BUTACAZERO

LUNS, 02 XULLO 20:00 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

CHICK FLICK + CONFIO-TE O MEU CORPO

IMPROPIAS E AFONSO BECERRA

MARTES, 03 XULLO 22:30 H. SALASÓN

II TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

ESTHER F. CARRODEGUAS, PAULA CARBALLEIRA, CLARA GAYO, ERNESTO IS E XOSÉ PRIETO

MÉRCORES, 04 XULLO 00:30 H. SALASÓN

SILDA & HADRIÁN

CASILDA ALFARO E ADRIÁN RÍOS EN COPRODUCCIÓN COA MITCFC

MÉRCORES, 04 XULLO 22:30 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

TEATRO INVISIBLE

MATARILE TEATRO

XOVES, 05 XULLO 00:30 H. SALASÓN

MONSTRUACIÓN

ENCONARTE PRODUCCIONES

XOVES, 05 XULLO 20:00 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

O TARTUFO

LECTURA DRAMATIZADA





BRINDE

IRIA SOBRADO, GALICIA

CAPELA DO HOSPITAL, SÁBADO, 30 XUÑO, 12:30-14.00 H. E 19.00-21.30 H.

Chámome Iria Sobrado e en novembro fago 39 anos. Gústame novembro, as castañas, o mar, a calor e o salitre. Gústame a vida. Os fogos de artifício. Adoro a miña profesión. Son actriz de teatro e televisión e a miña proposta artística máis persoal ten forma de performance e de accións escénicas efémeras. Amo, por riba de todas as cousas, á miña filla Helena. Entre horas, e roubándollas ao que toque, son a secretaria da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Unha habitación de hotel. Un único espectador en cada quenda. Quendas de 10 minutos. Fóra, na porta do cuarto, unha folla coas instrucións:

"Poderá entrar un/unha acompañante en cada quenda. As quendas serán de 10 minutos como máximo. Cada acompañante poderá interaccionar coa artista. Se non o decide antes, un sinal sonoro indicarálle que debe saír do cuarto en silencio. O seu tempo rematou. Poderá entrar o/a seguinte acompañante. The song remains the same."

Performer: Iria Sobrado

Premio do público á mellor actriz no certame "MetroCadrado" do FIOT de Carballo, en outubro de 2017



NA BUTACA [FANTASÍA Nº3 EN DOR MAIOR]

BUTACAZERO, GALICIA

SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL, DOMINGO, 01 XULLO 20:30 H.

ButacaZero é a plataforma creativa de Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira, que propoñen un teatro que dialoga co mundo actual: un teatro necesario. A investigación dende un ollar crítico e irónico son as claves que definen as súas pezas que se concretan en dramaturxias feitas á medida nas que a tradición teatral se mestura coas posibilidades do audiovisual.

Partindo da idea do vivir no presente dunha personaxe esquecida -perdida do seu pasado e do seu futuro-, Na butaca achéganos a unha realidade que por veces nos amosa paz e outras anguria; felicidade ou rabia. Da man dela imos do cómico ao escatolóxico pasando polo transcendente. Na butaca remata por ser un alegato -poético- a favor da vida vivida no presente. Ao fin e ao cabo, quen non pensou algunha vez que o esquecemento nos faría máis felices?

En escena: Pepa Barreiro

Dramaturxia e dirección: Esther F. Carrodegas

Luz e audiovisuais: Laura Iturralde

Espazo escénico, vestiario, deseño gráfico e produción:

Esther F. Carrodegas

Asesoramento vocal: Cristina Dominguez

Asesoramento corporal: Olga Cameselle



CHICK FLICK + CONFIO-TE O MEU CORPO

IMPROPIAS E AFONSO BECERRA, GALICIA

SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL, LUNS, 02 XULLO 20:00 H.

Compañía de mulleres cunha clara orientación cara ao teatro físico contemporáneo, a performance e o posdrama, desde unha perspectiva crítica e de xénero. Interéstanos a relación directa co público desde unha posición descontracturada e alegre. Gostamos da mestizaxe e da hibridación das modalidades escénicas: mimo, teatro documento, autoficción, danza contemporánea, simulacro, música, talk-show e todo aquilo que nos sirva para converter o palco nun lugar cheo de vida que poida aumentar a nosa percepción e tocar a nosa sensibilidade.

Catro chicas e un descoñecido, elegante. En vez de flores: bombóns, para todas. En vez dun baile agarrado: danza guerreira. E o rouge à lèvres, que os bicos borraron. En vez de papeis dramáticos: papel hixiénico e posdrama, para facer as nosas necesidades íntimas no báter e quedar limpas. En vez da arte do cinema, chick flick.


Dramaturxia: Lidia Veiga, Raquel García, Chelo Todeschini e Irene Vicente

Mirada externa: Afonso Becerra

Actrices: Lidia Veiga, Raquel García, Chelo Todeschini, Irene Vicente e Javi Castiñeira

Técnico de luz e son: Javi Castiñeira

Tralo espectáculo presentarase o libro "Confío-te o meu corpo" de Afonso Becerra.



II TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MITCFC, DRAMATURGA E FUNDACIÓN SGAE, GALICIA

SALASÓN, MARTES, 03 XULLO 22:30 H.

O II Torneo de Dramaturxia de Galicia consolídase como unha aposta firme da MITCFC para dar a coñecer a nosa dramaturxia, creando un nexo directo entre autoras/es e público. Este proxecto, pioneiro en Galicia, conta coa imprescindible colaboración de DramaturGA, a primeira asociación profesional da dramaturxia galega.

Unha mestra de cerimonias única presentará este furioso combate no que catro recoñecidas dramaturGAS e dramaturGOS de Galicia bátense na procura do voto do público. As armas a usar? Retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios. O público asistirá a catro lecturas dramatizadas, interpretadas por actrices e actores profesionais de recoñecido prestixio, e será o propio público quen vote os textos que máis lles teñan gustado para que, de entre as catro pezas participantes, resulte unha soa a gañadora. Un espectáculo teatral, divertido e único que se verá avivado pola participación activa do público.

Mestra de Cerimonias: Esther F. Carrodegas

DramaturGAS: Paula Carballeira, Clara Gayo, Ernesto Is e Xosé Prieto



SILDA & HADRIÁN

CASILDA ALFARO E ADRIÁN RÍOS EN COPRODUCCIÓN COA MITCFC, GALICIA
SALASÓN, MÉRCORES, 04 XULLO 00:30 H. ESTREA ABSOLUTA

Casilda Alfaro é actriz e directora. Cofundadora de Teatro de Ningures. Premio "María Casares" á mellor actriz protagonista, en 1997, por "A noite das tribades", de Teatro do Atlántico, e finalista na mesma categoría en 1999, por "Vellos tempos", da mesma Compañía.

Adrián Ríos ven traballando como actor con Contraproducións e Bambú Producciones. Tamén é recoñecido pola súa participación na exitosa serie de televisión "Fariña".

Unha actriz, un actor. A fama, o éxito.

Unha parodia de unha e de outro, escrita con moito agarimo polo mestre Manuel Lourenzo.

Actor: Adrián Ríos

Actriz: Casilda Alfaro

Música: Anxo Graña

Dirección e iluminación: Salvador del Río

Imaxe: Diego Seixo



TEATRO INVISIBLE

TEATRO INVISIBLE, GALICIA

SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL, MÉRCORES, 04 XULLO 22:30 H.

Matarile Teatro é unha das compañías de referencia no teatro contemporáneo español. Desde a súa creación en Compostela en 1986, por Ana Vallés e Baltasar Patiño, foi desenvolvendo unha linguaxe artística e un estilo propio.

Teatro invisible é unha declaración de principios, un encontro artístico directo co público, no que prima a función fática e a dicción filosófica en amalgama de accións escénicas sutís. A obra parte dun encontro entre Ana Vallés e alumnos da ESAD en 2012, que se concretou nunha conferencia de aparencia teatral que deu lugar a un coloquio. A partir desta experiencia nace Teatro Invisible, onde se mostran as principais claves do teatro de Ana e Matarile.

Creación e interpretación: Ana Vallés

Espazo e iluminación: Baltasar Patiño

Textos: Ana Vallés

Outros textos: Javier Martínez Alejandro

Citas: Didi-Huberman, Gilles Deleuze, Pasolini, Tadeusz Kantor

Outras presenzas: Kazuo Ohno, Jane Alexander, Melville, Chavela Vargas

Axudante de dirección: Baltasar Patiño

Asistente de dirección: Daniel Baamonde

Fotografía: Jacobo Bugarín + Rubén Vilanova

Vídeo: Jacobo Bugarín + Manu Lago + Cristina Balboa

Deseño gráfico e web: Baltasar Patiño



MONSTRUACIÓN

ENCONARTE PRODUCCIONES, GALICIA
SALASÓN, XOVES, 05 XULLO 00:30 H.

Despois de "Non é país para conas", representado o ano pasado na MITCFC, Enconarte Producciones presenta "Monstruación", unha comedia breve e brutiña para romper tabús, visibilizar e normalizar o ciclo da muller.

Dúas bonecas de Famosa e unha de Mattel vense desbordadas cando a América, a súa compañeira de xogos, venlle a regra e decide abandonalas. Escachando mitos e na procura de solucións Barri, Nansy e Bárbara veránse abocadas a buscar traballo nun mundo monstrualmente monstruoso.

Barri: Arantxa Treus


Nansy: Rocío Romero

Bárbara: Déborah Vukusic

Dirección: Marián Bañobre

Texto: Bañobre, Romero, Treus e Vukusic

Producción: Enconarte Producciones



O TARTUFO. LECTURA DRAMATIZADA

XENTES DO TEATRO, GALICIA
SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL, XOVES, 05 XULLO 20:00 H.

Tartufo, un falso devoto, logrou ser acollido polo rico Orgón na súa casa como "director de conciencia". Alí pretende gobernar estritamente a vida da familia ao que se opoñen todos (os fillos, Mariana e Damís, e a segunda esposa, Elmira). Só a señora Pernel, a nai de Orgón o aproba. Orgón decide romper o compromiso de casamento de Mariana dado ao seu mozo, Valerio, para lle impor agora Tartufo. Ten entón lugar contra esta medida unha loita na que destacan Dorina e mais Cleanto.

Atrizes e actores, xunto con algunhas outras persoas relacionadas co Teatro, xuntáronse para facer nesta XXXV MITCFC a lectura do "Tartufo" de Molière na tradución ao galego, en verso, de Henrique Harguindey. Son:

Señora Pernel: María Armesto

Orgón: Salvador del Río

Elmira: Casilda Alfaro

Mariana: Mónica Camaño

Damís: Adrián Ríos

Valerio: Zé Paredes

Cleanto: Lois Soaxe

Tartufo: Fran Paredes

Dorina: Sonia Rúa

Señor Leal: Xosé Manuel Pazos

Garda-Mór: Henrique Harguindey

#XVIII XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

VENRES, 15 XUÑO 19:00 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

MARÍA MAZÁS

EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA

VENRES, 29 XUÑO 20:00 H. LIBRARÍA WELLS

SOFT POWER

PRESENTACIÓN LIBRO DE ASUNCIÓN BERNÁRDEZ RODAL

SÁBADO, 30 XUÑO 18:00 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

MULLERES NAS ARTES VIVAS E VISUAIS:

MARÍA MAZÁS

XORNADA

MARTES 3 E XOVES 5 DE XULLO 18.00 H. CASA DA BOLA

A TERAPIA DAS PALABRAS

OBRADOIRO ASOCIADAS DE ADICAM

VENRES, 06 XULLO 20:00 H. LIBRARÍA WELLS

A SOLAS CONMIGO

PRESENTACIÓN LIBRO DE CARMEN ABIZANDA

SÁBADO, 07 XULLO 17:30 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

MULLERES NAS ARTES VIVAS E VISUAIS

XORNADA

SÁBADO, 07 XULLO 20:00 H. SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

LABORATORIO DE ESTREMONÍAS

MÓNICA CAMAÑO

SÁBADO, 07 XULLO 22:30 H. AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN

A ASUNCIÓN BERNÁRDEZ RODAL

ARTES VIVAS. ARTES VISUAIS

SOMOS A METADE, QUEREMOS PARIDADE

Artes. Artistas. A arte das artistas. Existiu? Existe? Si? Entón, por que nos museos non figuran máis que como modelo? Por que no teatro, o cine e a televisión non abundan as protagonistas femininas? Porque a maioría de personaxes femininos non se parecen en nada ás mulleres do século XXI nin ás de ningún outro século? A resposta é unha: patriarcado, ideoloxía que nos borrou deliberadamente da Historia, deixando fóra dela a miles de creadoras con xenio, talento e oficio que si existiron.

Nas artes vivas e visuais abundan mulleres invisibles, pechadas nos sotos dos museos, sen que os historiadores quixeran deixar constancia da súa existencia, máis alá de Frida Khalo ou Camile Claudel (amoríos por medio). Indigna que a figura de Alice Guy Blaché, a primeira persoa cineasta, a auténtica inventora do cine narrado, e non Méliès, fose borrada da Historia. Gran parte das actrices que destacaron no teatro ao longo da historia foi porque se converteron en empresarias de si mesmas, produtoras do seu talento e directoras dos seus propios teatros, aínda así, moitas seguen esquecidas.

A boa noticia é que, iso acabou. As mulleres todas, artistas, actrices, galegas, suramericanas, europeas, de Hollywood, están en pé de guerra denunciando a discriminación laboral, salarial e o acoso sexual no seo da industria. Gratidade eterna ás mulleres qu desde escolas, institutos e universidades dedicaron horas e horas a rescatar do soto da vergonza o talento de miles de mulleres de todas as disciplinas. Profesoras e investigadoras que, ao longo dos s. XX e XXI educaron e proporcionaron unha información que lles permitirá ás novas xeracións de mulleres ter auténticos referentes femininos e confiar sen reparos en si mesmas. De todo isto van as XVIII Xornadas de Mulleres en Acción.





MARÍA MAZÁS. EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA

MARÍA MAZÁS. A CORUÑA, AGOSTO 1960 - OUTUBRO 2017

SALA DE EXPOSICIONS DO AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 15 XUÑO 19:00 H.

Dunha intelixencia sutil e profunda, María Mazás investiu a súa vida na investigación e a creación artística, esculpindo o seu corpo adolescente coa danza e a acrobacia e mergullándose, ao tempo, na expresión plástica á que dedicaría cada minuto da súa curta vida.


O traballo deu o seu froito e chegaron as exposicións. Galerías catalás, italianas, francesas, alemás e galegas expuxeron as súas pezas únicas, auténticas esculturas vivintes nas cabezas das mulleres, nas rúas, nas pasarelas e en espectáculos de teatro e danza.

En 2003 deulle un xiro radical á súa arte, entregándose, apaixonada e definitivamente, á pintura e á escultura.

Creou a súa derradeira obra na Coruña, tal e como soñara. Titúlouna Poemario Atlántico.

Mulleres en Acción e a MITCFC réndenlle homenaxe celebrando esta exposición e unha xornada con charlas, debates e performances.

O noso agradecemento a Raimund Dix, Carmen Gago, Celia Fernández Prieto e á Fundación Carlos Castilla del Pino, pola cesión de obra para esta exposición.



PRESENTACIÓN "SOFT POWER"

ASUNCIÓN BERNÁRDEZ RODAL, MADRID

LIBRARÍA WELLS, VENRES, 29 XUÑO 20:00 H.

SOFT POWER: HEROINAS Y MUÑECAS.

A enorme influencia social que ostentan os medios de cultura de masas, eses poderes brandos (soft power) que adoitan reflectir os intereses das institucións dominantes, radica en que conforman a nosa existencia e as crenzas que consideramos íntimas dun xeito insidioso. Asistimos ao cine, vemos unha serie, lemos relatos de ficción como unha forma de evasión e divertimento, abandonándonos ao pracer que nos producen e inconscientes do seu enorme poder adoutrinador. Por iso, desde unha perspectiva feminista crítica, resulta imprescindible analizar as novas formas de representación da muller que nos propoñen.

Asunción Bernárdez Rodal é profesora titular na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid (UCM). As súas principais liñas de investigación son os Estudos Feministas, de Xénero e Visuais e a Semiótica dos medios de masas, sobre os que ten publicado máis de cincuenta artigos académicos e diversos libros, entre eles, **Mujeres en medio(s). Propuestas para analizar la comunicación masiva con perspectiva de género.**

Na actualidade é directora do Instituto de Investigacións Feministas da UCM.



MULLERES NAS ARTES VIVAS E VISUAIS: MARÍA MAZÁS

XORNADA PRESENTADA POR MARÍA ARMESTO

SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 30 XUÑO 18:00 H.

18.00 H. ARTE DE MULLERES, ARTE FÓRA DO CANON?

D^a Asunción Bernárdez Rodal.

18.40 H. AS CREBAS NA DERRADEIRA OBRA DE MARÍA MAZÁS

D. Francisco X. Fernández Naval.

19.20 H. APRENDENDO CON MARÍA MAZÁS

D. Moncho Amigo.

19.45 H. BRINDE POR MAZÁS

Performance musical, teatral e visual en homenaxe a María Mazás.

Interven: Silda Alfaro, actriz; Pepa Barreiro, actriz; María Costas, cantante e actriz; Raimund Dix, saxofonista; Nani Miras, artista visual; Florence Ronfort, violoncellista; Sonia Rúa, actriz.



A TERAPIA DAS PALABRAS

OBRADOIRO CARMEN ABIZANDA, GALICIA PARA ASOCIADAS DE ADICAM

CASA DA BOLA, MARTES 3 E XOVES 5 DE XUÑO 18:00 H.

As experiencias vividas constitúennos. As nosas lembranzas conforman o lugar onde residen as historias que contamos e que nos contamos. Creamos a partir do pracer e da dor. Imos tratar de atopar os cauces a partir dos cales as nosas testemuñas nos permitan explorar desde a ficción e desde o xogo. A experiencia propia é unha vía de coñecemento pero tamén un camiño para a creación no que a dor do vivido transformase no pracer do creado.

Carmen Abizanda é profesora de Literatura Dramática na ESAD de Galicia, onde imparte clases desde o ano 2006. Obtén o título de Doutora pola Universidade de A Coruña en 2013, tras superar estudos de doutorado no Departamento de Filoloxía Española e Latina, cunha tese sobre a obra dramática de Juan Mayorga. A súa formación e experiencia profesional repártese entre o xornalismo, a interpretación e a dramaturxia. Licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid e Titulada Superior en Dirección de Escena e Dramaturxia pola Escola Superior de Arte Dramática de Madrid (RESAD).



PRESENTACIÓN "A SOLAS CONMIGO"

CARMEN ABIZANDA, GALICIA

LIBRARÍA WELLS, VENRES, 06 XULLO 20:00 H.

Profesora de Literatura Dramática na ESAD de Galicia, onde imparte clases desde o ano 2006. Obtén o título de Doutora pola Universidade de A Coruña en 2013, tras superar estudos de doutorado no Departamento de Filoloxía Española e Latina, cunha tese sobre a obra dramática de Juan Mayorga.

Publicou obras teatrais como *La otra orilla* e *Veó, veó e, tamén*, pezas breves como *Adictos a la luz*, *Si cierras los ojos* ou *Un hilo de lana roja*.

Formouse en dramaturxia con Ricardo Doménech, Juan Mayorga e Luis Landero, entre outros.

A solas conmigo é a historia dunha muller que se enfrenta a un cancro. A enfermidade vaille revelando cousas de si mesma e situándoa diante dun novo e insospeitado xeito de ver a vida. O tratamento contra o cancro convértese nunha batalla que vai ter que librar en dúas fronteas a un tempo: a da loita contra a enfermidade e a do descubrimento da súa propia realidade como ser humano. Alicia atopa, de xeito paradoxal, a partir da enfermidade, un novo lugar que, desde entón, vai ocupar a súa soidade acompañada.



MULLERES NAS ARTES VIVAS E VISUAIS

XORNADA MULLERES EN ACCIÓN

SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 07 XULLO 17:30 H.

17.30 H. POLÍTICAS PARA A INCLUSIÓN REAL DAS ACTRICES NAS PRODUCCIÓN ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS

Moderadora: Silda Alfaro, actriz.

D^a Tamara Canosa, Actriz. Vicepresidenta 1^a da Academia Galega do Audiovisual-AGA; D^a Uxía Caride, Xerente Asociación Galega de Produtoras Independentes-AGAPI; D^a Susana Dans, actriz. D^a Fefa Noia, Directora do Centro Dramático Galego-CDG; D^a Belén Pichel, produtora teatral e presidenta da Asociación profesional Escena Galega-EG; D^a Mabel Rivera, actriz. Vicepresidenta da Asociación de Actores e Actrices de Galicia-AAAG; D^a Laura Campos, actriz.

19.30 H. ESPECTÁCULO: LABORATORIO DE ESTREMONÍAS

Actriz: Mónica Camaño

20.30 H. CLAUSURA

D. Tomás Hermelo Álvarez, Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas.

Colabora: D^a Paula Tenorio, Directora do CIM de Cangas.

22.30 H. ENTREGA DO PREMIO MULLERES EN ACCIÓN A D^a ASUNCIÓN BERNÁRDEZ RODAL



LABORATORIO DE ESTREMONÍAS

MÓNICA CAMAÑO, GALICIA

SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 07 XULLO 20:00 H.

Laboratorio de estremonías de Mónica Camaño, ten orixe no proxecto O teatriño da Fundación Luís Seoane, botado a andar en marzo de 2018. Comisariada por Camilo Franco, esta actividade busca o diálogo entre actrices e público sen maquinarias nin intermediarios na dirección ou na escrita: só elas/nosoutas, contando o que queiran como queiran.

Laboratorio de estremonías é un artefacto escénico xestado na confrontación da muller e da actriz diante dos seus medos. Algúns teñen nome, outros só forma, pero todos eles arremuiñan nunha espiral que oculta a nosa meta: ser libres. E como baleirarse na escena? Entre fabulación e memoria, busquei o eido de onde veño para ollarme no que son. E cos pés nesa terra, souben do plural da solidariedade que muda as cadeas por trenzas domeando as fibras que terman do mundo: medio, capital, herdanza cultural. Quixen pintarme no espazo escénico nun reflexo de nós, e reconstruírme nesta natureza viva.

Creación e interpretación: Mónica Camaño

Producción e distribución: Fermento Soc. Coop. Galega



PREMIO MULLERES EN ACCIÓN

A ASUNCIÓN BERNÁRDEZ RODAL, MADRID

AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 07 XULLO 22:30 H.

En recoñecemento ao seu excepcional labor académico e de investigación, sempre desde unha perspectiva de xénero.

As súas investigacións relacionadas coa cultura: cine, teatro, literatura, plástica e, especialmente, as dedicadas aos discursos de xénero, tanto textuais como audiovisuais, iluminan o camiño de centos de mulleres e homes que se dedicarán á comunicación mediática, axudándolles a desprenderse de valores e ideoloxías caducas e machistas, construídas dende o patriarcado e dotándoas/os dunhas ferramentas profesionais que lles permitirán dominar unha linguaxe informativa ou creativa, libre de violencia contra as mulleres, e auténticamente igualitaria.

Mulleres como Asunción Bernárdez Rodal, dende a universidade pública, proporcionan esa tan necesaria educación de excelencia, pero con perspectiva de xénero, abrindo así a porta a unha sociedade máis equitativa, democrática e feminista.

Asunción Bernárdez Rodal, exemplo e estímulo das novas xeracións de profesionais da comunicación é xa, para todas nós, un referente.

#EVENTOS

VENRES, 29 XUÑO 22:30 H. AUDITORIO MUNICIPAL

PREGÓN INAUGURAL

POR EDUARDO CUNHA "TATÁN"

SÁBADO, 30 XUÑO E LUNS, 02 XULLO 2018 12:30 H. TABERNA O RINCÓN

COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

ERREGUETÉ, REVISTA GALEGA DE TEATRO

LUNS, 02 XULLO 11:00 H. RÚAS DE CANGAS

REVOLTALLO EN PEDRA

GRUPOS E ASOCIACIÓNS DE CANGAS

LUNS, 02 XULLO 22:30 H. AUDITORIO MUNICIPAL

REVOLTALLO EN SALA: DIVINAS PALABRAS

ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS

DO LUNS 2 AO VENRES 6 DE XULLO DE 10.00 A 14.00 H. NAVES DE OJEA

OBRADOIRO DE CREACIÓN ESCÉNICA

IBUPROFENO TEATRO

SÁBADO, 07 XULLO 22:30 H. AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A MABEL RIVERA



REVOLTALLO EN PEDRA

GRUPOS E ASOCIACIÓN DE CANGAS, RÚAS DE CANGAS, LUNS, 02 XULLO

11:00H. PALCO DA MÚSICA. ENCONTRO TEATRO ABERTO

Obradoiro Teatro M^a Soliño. Espectáculo de danza "Xanela". Julia Abal, proceso de creación artística, todo o día. Taller de arte Toni Casaus. De 11:00 a 13:00 h.

12:00H. XARDÍNS DE SOAGE

Furafollas teatro: "Love me tender"

19:00H. PRAZA DO CONCELLO

Banda de Gaitas María Soliña: "Ruadas"

19:30H. EIRADO DO COSTAL

Clara Miranda: "Alegrías de Cádiz"

20:00H. AUDITORIO MUNICIPAL. AULA DE TEATRO

Clase aberta do alumnado de 9 a 12 anos da EMAEC

20:00H. PRAZA DA PALMA

Escola de Danza Inés Núñez: "Benvidos ao Hotel Anos 20"
Boombox Danza Urbana: "Dance is joy"

21:15H. ADRO DA IGREXA

Escola de danza Maite Quiñones: "Danza na rúa"
Marga Outeiral Grupo de danza oriental: "Exhibición de Danza Oriental"

REVOLTALLO EN SALA: DIVINAS PALABRAS

ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS, GALICIA

AUDITORIO MUNICIPAL, LUNS, 02 XULLO 22:30 H.



A EMAEC, pola que xa pasaron 300 alumnos, nace no 2008 co obxectivo de achegar o coñecemento da práctica teatral e mostrar ao público ese traballo coa posta en escena de obras interpretadas polo alumnado, da man do equipo pedagóxico, técnico e artístico de Teatro de Ningures.

Divinas Palabras (traxicomedia de aldea) Drama protagonizado por seres marxinais. A avaricia e a luxuria desencadean a trama.

Un enxendro, anano hidrocéfalo, exposto en feiras e romarías para conseguir diñeiro é agora disputado por Marica del Reino, irmá da nai defunta, e por Mari Gaila, muller de Pedro Gailo, o sancristán, irmán da finada. Mari Gaila inicia un romance con Sétimo Miao, un faranduleiro trashumante. Finalmente, e despois da ira, o seu marido, Pedro Gailo, grazas ao resoar das "divinas palabras" en latín, volve á rutina cotiá coa súa muller.

Intérpretes: (por orde alfabético) Julia Abal, María Acuña, Noela Avendaño Paredes, Sonia Couto, Rosa E. Gantes, Ana Fernández, María Fernández, Ana Iglesias, Andrés Gesteiro, Carlos G. Zunzunegui, Jesús Graña Menduiña, Ángeles Menduiña, Ana Perez, Carlos Prado

Músico: Xosé Rocha Puga

Tradución: Xosé Manuel Pazos

Espazo sonoro: Xosé Rocha Puga

Iluminación: Salvador del Río

Escenografía e atrezzo: EMAEC

Vestuario: EMAEC

Imaxe: Diego Seixo

Técnico: Hector Pazos

Dirección: Silda Alfaro

COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA

ERREGUETÉ, REVISTA GALEGA DE TEATRO

TABERNA O RINCÓN, SÁBADO, 30 XUÑO E LUNS, 02 XULLO 12:30 H.



A erregueté - Revista Galega de Teatro e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas-MITCFC, inician unha nova vía de colaboración coa vontade de ampliar as pontes entre público e escena. Nesta primeira edición celebraremos un dobre encontro coa creación galega presente na primeira fin

de semana do programa. Os encontros, con formato de coloquio en sesión vermú, contarán coa Taberna O Rincón como centro de operacións.

SÁBADO 30 DE XUÑO ÁS 12.30H.

Encontro do público co director e intérpretes do espectáculo DIVINAS PALABRAS do CDG.

LUNS 2 DE XULLO ÁS 12.30H.

Encontro do público co director e intérpretes do espectáculo A LEITUGA de Emedous Producións.

OBRADOIRO DE CREACIÓN ESCÉNICA

IBUPROFENO TEATRO, GALICIA

NAVES DE OJEA, DO LUNS 2 AO VENRES 6 DE XULLO DE 10.00 A 14.00 H.



Ibuprofeno Teatro está formado por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, dous profesionais que despois de anos de traxectoria en numerosas compañías galegas e foráneas, promoven en 2010 o seu selo de produción para emprender proxectos persoais e independentes que traten os temas claves do

individuo contemporáneo cunha linguaxe propia e recoñecible.

O que propoñemos neste obradoiro é mostrar e reproducir a pequena escala o método de creación que nós fomos investigando e desenvolvendo a partir das nosas experiencias, para investigar e descubrir as posibilidades expresivas dos actores e das actrices cando non parten de textos previos. Mediante o xogo e as improvisacións individuais e colectivas, trataremos de xerar unha obra propia, non tanto para acadar un resultado óptimo, senón co obxectivo de experimentar o goce e a vertixe de xerar contido escénico a partir do material emotivo e imaxinativo que cada un/ha pode aportar.

TRINTA ENTRADAS SOLIDARIAS

As socias de ADICAM disporán de 30 localidades gratuítas para cada un dos espectáculos que se celebrarán no Auditorio Municipal durante a XXXV MITCFC.



PREGÓN INAUGURAL

EDUARDO CUNHA, TATÁN. GALICIA

AUDITORIO MUNICIPAL, VENRES, 29 XUÑO 22:30 H.

Son Tatán, titiriteiro, actor e cantante de profesión, fillo de Carmen e Santiago e neto de Dona Antonia, todos eles republicanos.

Levo adicado á farándula dende os anos 80, sen contar cos comezos alá polo ano 1.975 cando, en Compostela, creamos a Compañía PEPA LOBA nos meus tempos universitarios e de militancia no movemento comunista. Teatro reivindicativo do que non renego xa que grazas a el aprendín a respectar a homes e mulleres e a denunciar as inxustizas. Naquela altura, en Redondela, participei no colectivo teatral CIRIGAITA. Foron tempos. Despois pasei polo Institut del Teatre de Barcelona onde aprendín a construír e manexar marionetas de fíos. Á volta fundei TANXARINA, no ano 1.983, e ata hoxe. E van 35 anos, os mesmos que a Mostra.

O mundo do actor e o títere. Perto de 20 espectáculos con marionetas de fíos, de mesa, siluetas animadas, sombras chinesas, teatro de rúa... E, polo medio, o cine, como actor secundario nunhas 13 películas e intervencións esporádicas en series de TV. Participei activamente no festival Internacional de Títeres de Redondela. E, por suposto, no Teatro con letras grandes da man de PRODUCCIÓN TEATRAIS DO SUR con TEATRO DO MORCEGO e TEATRO DE NINGURES nos anos 90.

Máis de 40 anos adicados ás profesións que máis quero: O TEATRO, OS TÍTERES E A MÚSICA. Agora son pregoeiro porque a dirección da Mostra de Cangas así o quixo, así que: "Querido público, amigos, parentes e coñecidos, benvidos, benvidas pasen e vexan, póñanse cómodos porque a función vai comezar!!!".



PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A MABEL RIVERA, GALICIA

AUDITORIO MUNICIPAL, SÁBADO, 07 XULLO 22:30 H.

Nacida en Ferrol en 1952, inicia a súa actividade teatral no teatro amador dos anos 70. En 1984, ano da fundación do Centro Dramático Galego, incorpórase a un dos primeiros elencos iniciándose como actriz profesional no "Agasallo de sombras" de Roberto Vidal Bolaño. En 1987, xunto ás súas compañeiras Rosa Álvarez e Marisa Soto, funda Teatro do Malbarate, primeira compañía constituída exclusivamente por actrices.

En 1995 intégrase no reparto da serie para a TVG "Pratos combinados". O recoñecemento estatal e mesmo internacional chegaríalle con 'Mar adentro', a película de Alejandro Amenábar (2004) coa que obtén o premio Goya da Academia de Cine, o Sant Jordi e outros numerosos recoñecementos. Traballa no cinema con directores e directoras como Juan Antonio Bayona, Icíar Bollaín ou o recentemente falecido Milos Forman.

Polos seus traballos en películas ou series para televisión é recoñecida tamén con numerosos galardóns, como varios premios Mestre Mateo, o Premio de Honra do Festival de Cans ou o Premio CinEuropa á traxectoria profesional.

Forma parte do "Álbum de Mulleres" do Consello da Cultura Galega. En 2016 recibiu, ex aequo coa súa compañeira Belén Constenla, o Premio de Honra da MIT de Ribadavia, e en 2017 outorgouselle o Premio da Cultura Galega no apartado de Artes Escénicas.

Actualmente é vicepresidenta da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, que acaba de cumprir os 30 anos de vida e da que é socia fundadora.

www.mostrateatrocangas.gal



MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
CÓMICO
E FESTIVO
DE CANGAS

ORGANIZAN



Concello de Cangas



ningures produción

PATROCINAN



Concello de Cangas



FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO, S.A.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

COLABORAN

fundación sgae

erre
gue
te
revista galega de teatro

SALASUN